


Son aqueles que se expresan ou se transmiten a través da escrita.

Textos escritos



Literarios



Opinión



Descritivos



Narracións



Teatro



Poesía

Conto e fábula son curtos. A fábula ten unha ensinanza. A **novela** é longa.

Contén **diálogos**. Dividido en **actos**. Pode ter **acotacións**

Busca a beleza dos textos mediante o uso de recursos como a **métrica** e a **rima**.

As persoas que o escriben mostran os seus puntos de vista acerca de un tema en concreto.

Aparecen en medios de comunicación como son os xornais ou as revista.

Teñen como obxectivo principal comunicarlle ao receptor as calidades dunha persoa, dunha paisaxe ou dun animal entre outros moitos.

Hai que seleccionar os trazos máis característicos do obxecto a describir.

Este tipo de texto pode estar integrado ou formar parte de textos narrativos, poéticos ou nas acotacións teatrais entre outros.

- **Inicio:** na primeira parte preséntanse aos personaxes, cal é o tema ou problema e onde e cando sucede a historia.
- **Nó:** aquí vaise desenvolver a temática principal da narración. É a parte máis longa. Conta as historias que van a realizar os personaxes para lograr resolver o problema que se presenta no inicio.
- **Desenlace:** a última parte da narración onde se vai presentar a solución ao problema co que se atoparon os personaxes no inicio.

Todo texto teatral conta cunha serie de características en común. Xeralmente non ten narrador. Pode contar cun ou varios personaxes. Pode estar escrito en prosa ou verso.

- **Os versos:** son as liñas dos poemas. Estes poden ter rima entre eles. Clasifícanse seguindo o número de sílabas que ten cada verso.
- **As estrofas:** son os conxuntos de versos que van seguidos dun punto e aparte ou un punto final. Estes versos deben lerse de maneira conxunta. Podemos clasificar os poemas en función dos versos que teña cada estrofa.

- **Título:** todo texto de opinión precisa ter un título que sexa rechamante para a persoa receptora ou lectora.
- **Introdución:** nesta parte vaise presentar o tema do que van a opinar. Adoita ser breve e ten que chamar tamén a atención.
- **Tese:** aquí as persoas emisoras mostran a súa postura co tema.
- **Argumentos:** como nos debates, precísanse argumentos ou razoamentos para demostrar a opinión da persoa autora.
- **Conclusión:** na última parte do texto de opinión móstrase a opinión persoal de quen escribe. Tamén se pode incluír un breve resumo do exposto.

- **Introdución:** na primeira parte vaise facer unha presentación xeral do tema a describir.
- **Desenvolvemento:** neste apartado, e co uso dos conectores e adxectivos, vaise ir explicando e describindo o tema escollido. O texto ten que transmitir as calidades e propiedades do tema.
- **Conclusión:** como en moitos outros textos, nesta parte recollese un breve resumo do tema descrito e finalízase o texto.